



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 23/02/2023

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro. (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro. (PSdeG-PSOE)

D^a Yolanda Vázquez Busto. (PSdeG-PSOE)

D^a Ángela Piñeiro Carrera. (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández. (PSdeG-PSOE)

D. Joshua Dopico López. (PSdeG-PSOE)

D^a. Manuela García Fachal. (PSdeG-PSOE)

D^a Alejandra Bellón Tenreiro. (PSdeG-PSOE)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro. (PP)

D. Luis Angel Díaz González. (PP)

D. Luis Pena Mosquera. (BNG)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e tres minutos do día vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e tres, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Xeral municipal

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

Non asisten (xustificando a ausencia):

D^a Raquel Caruncho Corral. (PSdeG-PSOE)

D^a Rocío Souto Torre (BNG)

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 26/01/2023

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

(Expediente TEdC: 2023/G006/000028)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 26/01/2023

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 26/01/2023

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro”

Sen intervencións, sométese a votación a proposta quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 26/01/2023

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS E PRESCRICIÓNS PARA O OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO A CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO MARÍTIMO DE PONTEDEUME. (CNC02/19/15/0011 T.12/17-C) .

A Secretaria xeral da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 20/02/2023, que que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 20 DE FEBREIRO DE 2023

EXPDTE: 2023/G012/000002

3.- ASUNTOS DE URXENCIA

Dende a Presidencia, proponse para a súa inclusión na orde do día o asunto seguinte:

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS E PRESCRICIÓNS PARA O OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO A CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO MARÍTIMO DE PONTEDEUME. (CNC02/19/15/0011 T.12/17-C)

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

A Secretaria da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS E PRESCRICIÓNS PARA O OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO A CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO MARÍTIMO DE PONTEDEUME. (CNC02/19/15/0011 T.12/17-C)

Expediente: 2023/U048/000001

O Pleno do Concello de Ponte deume, celebrado en sesión con carácter extraordinario e urxente o 18 de decembro de 2019, aprobou entre outros, o proxecto "Cantina no Paseo Fluvial de Ponte deume", recollido no acordo adoptado relativo a "3.- SOLICITUDE PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2020", documento con rexistro de entrada nº 201999900000653 de 10.12.2019, redactado polo arquitecto Oscar Sánchez Martínez.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En data 11 de diciembre de 2019, o Concello de Ponte deume solicitaba autorización á Demarcación de Costas, entre outros organismos, autorización para a execución do dito proxecto.

Por Decreto 255/2020 de 30/04/2020, resolvíase, entre outros:

“PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto modificado de obras para “Cantina no Paseo Fluvial de Ponte deume”, (POS+ 2020) redactado polo arquitecto Óscar Sánchez Martínez, asinado dixitalmente en data 28.04.2020, documento con rexistro de entrada nº202099900000316 de 28.04.2020, introducindo as modificación seguintes, conforme ao requirimento da Deputación da Coruña: ...//...”

En data 02/10/2020, documento con rexistro de entrada municipal nº 202090000000822, recibíase requirimento de documentación da Demarcación de Costas de Galicia.

O 05/10/2020, tivo entrada no Concello de Ponte deume o documento con rexistro número 202090000000832, da Demarcación de Costas de Galicia, relativo a “Tasa 066 por examen de proxecto de la solicitud de concesión para la ocupación de terrenos de dominio público marítimo-terrestre, con destino a cantina en el paseo marítimo de Ponte deume, en el término municipal de Ponte deume.-“

Por Resolución 568/2020 de 06/10/2020 resolveuse, entre outros:

“PRIMEIRO.- Aprobar, dispoñer e recoñecer a obriga por importe de 173,83 €, correspondente á taxa por exame do proxecto de solicitude de concesión de ocupación do dominio publico marítimo terrestre para cantina no paseo marítimo de Ponte deume da Demarcación de Costas de Galicia (Ministerio para la Transición ecológica y el Reto Demográfico - Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar), modelo 990, código 066. segundo o seguinte detalle:

Data liquidación	Referencia/ Identificador	Importe	Nome	Texto	Prg./Ecón.
2/10/2020	9900666389 232	173,83€	Demarcación de Costas de Galicia	Taxa por exame do proxecto de solicitude de concesión de ocupación do dominio publico marítimo terrestre para cantina no paseo marítimo de Ponte deume	337 22500

SEGUNDO.- Ordear o seu pagamento.

...//...”

En data 13.10.2020, ordenábase o seu pagamento.

O 19/02/2021, documento con rexistro de entrada nº 202199900000295, presentabase proxecto modificado de obras para “Cantina no Paseo Fluvial de Ponte deume”, segundo requirimento da Demarcación de Costas.

En data 02/06/2022, remitíase á Demarcación de Costas a documentación obxecto do requirimento.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Boletín Oficial do Estado número 181 de 29.07.2021, recollía o “Anuncio de la Demarcación de Costas de Galicia de información pública referente a la solicitud de concesión para la ocupación de terrenos de dominio público marítimo-terrestre con destino a cantina en el paseo marítimo de Ponte deume, en el término municipal de Ponte deume (A Coruña) (número de referencia: CNC02/19/15/0011 y T.12/17-C)”

Logo de ver o documento con rexistro de entrada nº 20239000000125 de 31/01/2023 da Demarcación de Costas en Galicia, relativo a “Someter a la aceptación del Ayuntamiento de Ponte deume las condiciones y prescripciones por las que podría otorgarse la concesión de doscientos cuarenta y dos metros cuadrados (242 m²) de terrenos de dominio público marítimo-terrestre con destino a cantina, almacén y aseos en el paseo marítimo de Ponte deume, término municipal de Ponte deume (A Coruña). –“ (CNC02/19/15/0011;T.12/17-C)

E documento de rectificación de erros materiais do anterior, documento con rexistro de entrada 20239000000160 de 08/02/2023.

Tendo en conta o informe de fiscalización do expediente de data 14.02.2023, favorable con observacions.

Atendendo ao indicado no informe xurídico da secretaría xeral de data 17/02/2023 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Esta Alcaldía somete a aprobación do pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondiente a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aceptar as condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de douscentos corenta e dous metros cadrados (242m²) de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino a cantina, almacén e aseos no paseo marítimo de Ponte deume, termo municipal de Ponte deume (A Coruña), que constan nos documentos con rexistro de entrada municipal nº 20239000000125 de 31/01/2023 e 20239000000160 de 08/02/2023 de rectificación de erros, segundo as prescricións técnicas e condicións impostas pola Administración concedente, especificamente o canon anual imposto e a duración da mesma, entre outras contidas no documento ao que se da aceptación.

SEGUNDO.- Inscribir no Rexistro da Propiedade de Ponte deume e no inventario de bens e dereitos municipal o acordo de concesión a favor do concello de Ponte deume que se adopte.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía para a sinatura da documentación que se derive da adopción do presente acordo.

CUARTO.- Dar traslado da adopción do presente acordo á Demarcación de Costas, Secretaría de Estado de Medio Ambiente, Dirección General de la Costa y el Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico; así como aos servizos técnicos e económicos aos efectos oportunos.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA de 5 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE (5): D.^a Raquel Caruncho González, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, D.^a Manuela García Fachal, D.^a Alejandra Bellón Tenreiro; e **2 abstencións**: 1 abstención do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e 1 abstención da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D.^a Rocío Souto Torre.”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. Daniel Ríos**, concelleiro do PSdeG-PSOE, indica que no POS do 2020, incorporaron como proxecto esta Cantina, que foi aprobada en Pleno por unanimidade de todos os grupos municipais, de seguido di que unha vez outorgadas as autorizacións sectoriais, unha

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

delas era a de Costas, chegou a estipulación do canon o pasado 18 de xaneiro, o cal lévase ao Pleno, e posteriormente hai que trasladar a Costas para a concesión definitiva.

- **Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez**, concelleiro do PP, pregunta desde cando se fai efectivo os 15 anos. Responde o Alcalde-Presidente, desde que se outorga a concesión.

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, concelleiro do BNG, pregunta cal é o custo do canon anual, e se ese custo repercute no concello ata que se saque o prego de condicións e alguén asuma o uso, tamén pregunta canto é o importe da obra. Responde o Alcalde-Presidente respecto a primeira cuestión, que o custo é de 5.000 €, en canto a segunda, indica que si Costas di que a concesión se fai efectiva no momento da ocupación, o canon o asumiría o concesionario, de seguido comenta que sacar a concesión levará dous ou tres meses, sería aproximadamente 800 € o que pagaría o concello inicialmente. En canto a terceira cuestión, canto é o importe da obra?, responde D. Daniel Ríos, que sería 59.767,53 €. Finalmente D. Luis Pena, pensa que comercialmente vai a ser difícil explotar a concesión, o que interesaría poñer sería uns bos servizos, duchas, tamén cre que van a tardar moito en sacar os pregos de condicións, pregunta cando estaría finalizada a obra. O voto vai a ser abstención.

- **Toma a palabra D. Daniel Ríos**, indica que os baños van incluídos no proxecto, serán de uso público, en canto a licitación da obra, depende de canto tarde Costas en contestar, unha vez aprobado o expediente.

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, pregunta que ocorrería se queda deserto o concurso, quen asumiría o custe dos baños?. Responde o Alcalde-Presidente, que o asumiría o concello, pensa que non quedará deserto, pois é unha zoa que transita moita xente, cun prezo que está por debaixo de calquera establecemento con terraza.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADA por MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE(8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; **1 abstención** do concelleiro que integra o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aceptar as condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de douscentos corenta e dous metros cadrados (242m²) de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino a cantina, almacén e aseos no paseo marítimo de Ponte deume, termo municipal de Ponte deume (A Coruña), que constan nos documentos con rexistro de entrada municipal nº 20239000000125 de 31/01/2023 e 20239000000160 de 08/02/2023 de rectificación de erros, segundo as prescricións técnicas e condicións impostas pola Administración concedente, especificamente o canon anual imposto e a duración da mesma, entre outras contidas no documento ao que se da aceptación.

SEGUNDO.- Inscribir no Rexistro da Propiedade de Ponte deume e no inventario de bens e dereitos municipal o acordo de concesión a favor do concello de Ponte deume que se adopte.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía para a sinatura da documentación que se derive da adopción do presente acordo.

CUARTO.- Dar traslado da adopción do presente acordo á Demarcación de Costas, Secretaría de Estado de Medio Ambiente, Dirección General de la Costa y el Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico; así como aos servizos técnicos e económicos aos efectos oportunos.

3.- DAR CONTA REMISIÓN INFORMACIÓN AO MINISTERIO, EXECUCIÓN TRIMESTRAL, 4º TRIMESTRE DE 2022.

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DE 2022)

(Expediente TEdC: 2023/G006/000030)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de asunto: “Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda, correspondente ao CUARTO trimestre de 2022 “

Os concelleiros, concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

4.- DAR CONTA REMISIÓN INFORMACIÓN AO MINISTERIO, MOROSIDADE E PMP 4º TRIMESTRE 2022.

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN PMP, MOROSIDADE E ADXUNTOS (CUARTO TRIMESTRE 2022)

(Expediente TEdC: 2023/X998/000001 / 2023/G006/000031)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

“(…) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. (…)”

5.

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención, de asunto: “Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao **CUARTO trimestre de 2022.**”

Os concelleiros, concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 23/02/2023

(Expediente TEdC: 2023/G006/000029)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **15.2023** de 19 de xaneiro ao **68.2023** de 15 de febreiro de 2023, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000009	REINTEGRO ANTICIPO POS 2021 AD/1 GASTO SOCIAL	000015/2023	19-01-2023 09:39
2023/G003/000015	Solicitud Subvención Compra de libros para a Biblioteca	000016/2023	19-01-2023 09:39
2022/G003/000599	Solicitud Subvención Técnico Cemit 2022	000017/2023	19-01-2023 09:39
2023/G003/000021	Liquidación de Tributos- MODELO 111, IRPF DECEMBRO 2022	000018/2023	20-01-2023 10:14
2023/G003/000037	SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE DE 26 DE XANEIRO DE 2023	000019/2023	23-01-2023 13:06
2023/G003/000039	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL DE JOSÉ LUIS SANDE VÁZQUEZ , MOTIVADO POR BAIXA IT DA INTERVENTORA TITULAR.	000020/2023	24-01-2023 15:22
2023/G003/000038	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL DE DNA. EVA Mª GERRERO RICO, OS DÍAS 27 DE XANEIRO E 13 E 14 DE FEBREIRO e 10 DE MARZO DE 2023.	000021/2023	24-01-2023 15:22
2023/G003/000044	TESOURERÍA - VARIACIONES PADRON RECOLLIDA DE LIXO PARA 2023	000022/2023	26-01-2023 14:06
2023/G003/000049	DELEGACIÓN DA ALCALDÍA PARA OS DÍAS 30-31 DE XANEIRO DE 2023	000023/2023	26-01-2023 14:06
2023/G003/000022	BASES DO PROGRAMA BONOS PARA A INCENTIVACIÓN E IMPULSO DO COMERCIO LOCAL ENTRE OS COLECTIVOS MÁIS VULNERABLES	000024/2023	26-01-2023 14:06
2023/G003/000040	PERSOAL-INCIDENCIAS MENSUAIS NÓMINA MES XANEIRO 2023.	000025/2023	27-01-2023 13:25
2023/G003/000046	PERSOAL-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES XANEIRO 2023.	000026/2023	27-01-2023 13:25
2023/G003/000042	TESOURERÍA-PAGOS SEGUROS SOCIAIS MES DECEMBRO 2022.	000027/2023	27-01-2023 13:25
2023/G003/000017	TESOURERÍA: SOLICITA ALTA NA TASA DE RECOLLIDA DE LIXO O GROBE Nº55 1º	000028/2023	27-01-2023 16:28

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000019	TESOURERIA: ANULACIÓN TASAS INMUEBLES VENDIDOS	000029/2023	27-01-2023 16:28
2023/G003/000024	TESOURERIA: Solicitud General a nombre de ... Solicita: Me sean remitidos los recibos correspondientes a la recogida de basuras y cualquier otro pago que correspondiese	000030/2023	27-01-2023 16:28
2023/G003/000027	TESOURERIA: SOLICITA PASAR AO SEU NOME OS RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA SITA EN AVDA RICARDOSANCHEZ Nº 17 PTAL 1 -3º B POR SER A TITULAR DA VIVENDA	000031/2023	27-01-2023 16:28
2023/G003/000036	Proposta de baixa e proposta de alta no servizo de axuda no fogar de dependencia.	000032/2023	30-01-2023 13:16
2023/G003/000018	TESOURERIA: SOLICITASE CAMBIO DE DOMICILIACIÓN EN RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIROS	000033/2023	30-01-2023 13:16
2023/G003/000035	TESOURERIA: SOLICITA O CAMBIO DA TARIFA DA RECOLLIDA DE LIXO DO Nº FIXO 253000745084 POR ACTIVIDADE DE AUTOESCOLA	000034/2023	30-01-2023 13:17
2023/G003/000055	Solicitud Subvención Técnico S.N.L	000035/2023	30-01-2023 14:48
2022/G003/000905	TESOURERIA: SOLICITA O ALTA NO RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA SITA EN OS LOUREIROS 141 B	000036/2023	30-01-2023 14:48
2023/G003/000034	TESOURERIA: SOLICITA PASAR O RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA SITA EN EDF CALDAGUEIRO 11 1º IZQ POR SER O TITULAR DO MESMO	000037/2023	30-01-2023 14:47
2023/G003/000025	Solicitud Subvención Tecnico de deportes	000038/2023	30-01-2023 14:47
2023/G003/000052	TESOURERIA: SOLICITA A BAIXA DO RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DO LOCAL SITO EN FERREIROS 13 BJ	000039/2023	31-01-2023 16:01
2023/G003/000048	TESOURERIA: SOLICITA REVISIÓN DA TASA DE BASURA DO LOCAL SIN ACTIVIDAD EN CORREDOIRA DAS VIRTUDES Nº16 BAJO	000040/2023	31-01-2023 16:01
2023/G003/000047	SOLICITA MODIFICACIÓN NA TARIFA DE LIXO DE LOCAL COMERCIAL A DOMICILIO PARTICULAR EN CORREDORIA DAS VIRTUDES 6 BAJO CON RFª CTASTRAL 7364803NJ6076S0001SW	000041/2023	31-01-2023 16:01
2023/G003/000033	TESOURERIA: ANULACIÓN TASAS INMUEBLES VENDIDOS	000042/2023	31-01-2023 16:03
2023/G003/000031	TESOURERIA: TAXA RECOLLIDA DE LIXO RUA REAL 36 E RUA REAL 36 BAIXO	000043/2023	31-01-2023 16:05
2023/G003/000016	TESOURERIA: SOLICITUD CAMBIO DE TITULARIDAD TASAS	000044/2023	31-01-2023 16:04

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000028	TESOURERIA: SOLICITA DAR DE ALTA O RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO DO LOCAL SITO EN CAMIÑO ESTREITO 12 BJ	000045/2023	31-01-2023 16:04
2022/G003/000934	CONVOCATORIA PLAZAS ADMINISTRATIVO OEP 2019 PONTEDEUME	000046/2023	31-01-2023 16:03
2023/G003/000064	SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XGL DE DÍA 03 DE FEBREIRO DE 2023	000047/2023	02-02-2023 17:32
2023/G003/000051	TESOURERIA: SOLICITA A BAIXA DO RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DO INMOBLE SITO EN RUA BETANZOS 5 POR PECHE DE NEGOCIO	000048/2023	02-02-2023 22:59
2023/G003/000045	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO ESTIMACION DE ALEGACIONES DR 17618-2022	000049/2023	02-02-2023 22:59
2023/G003/000041	Solicitud Subvención Ler Conta Moito	000050/2023	02-02-2023 22:59
2023/G003/000054	TESOURERIA: SOLICITA SE APLIQUE A TARIFA REDUCIDA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DO INMOBLE SITO EN CORREDOIRA DAS VIRTUDES 20 BJ POR CESE DE NEGOCIO	000051/2023	02-02-2023 22:59
2023/G003/000053	TESOURERIA: SOLICITA CAMBIO DE CUOTA DO RECOLLIDA DE LIXO DO INMOBLE SITO EN BER Nº 4	000052/2023	02-02-2023 22:59
2023/G003/000066	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	000053/2023	03-02-2023 12:55
2023/G003/000061	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000027961	000054/2023	07-02-2023 11:22
2023/G003/000067	Solicitude do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia	000055/2023	08-02-2023 11:21
2023/G003/000063	Tramitación de Decretos aprobación altas e baixas nos talleres culturais 2022/2023	000056/2023	08-02-2023 11:21
2023/G003/000065	Solicitud Subvención humanización de Rúa Río Eume e Plaza Mestre Rúa Álvaro Vázquez Penedo	000057/2023	08-02-2023 12:26
2023/G003/000077	TESOURERIA: PADRON TAXA RECOLLIDA DE LIXO 2023	000058/2023	09-02-2023 10:30
2023/G003/000068	Solicitud Subvención Tec de Cultura Deputación 2023	000059/2023	10-02-2023 09:55
2023/G003/000075	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO DR 99500000027990	000060/2023	10-02-2023 09:55
2023/G003/000078	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000028048	000061/2023	10-02-2023 09:55
2023/G003/000073	Tramitación de Decretos aprobar alta nos talleres culturais curso 2022/2023	000062/2023	10-02-2023 09:55
2023/G003/000074	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, mes de novembro de 2022	000063/2023	10-02-2023 09:55
2023/G003/000076	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia do mes de decembro de 2022	000064/2023	10-02-2023 09:55

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000085	SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 13/02/2023	000065/2023	10-02-2023 11:36
2023/G003/000030	SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA. ACCESO LICENZA DE ACTIVIDADE DA EMPRESA JOYPA EN R/REAL 22.	000066/2023	10-02-2023 13:15
2023/G003/000096	Convocatoria da sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda de 20/02/2023.	000067/2023	15-02-2023 13:17
2023/G003/000095	Convocatoria da sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno de 20/02/2023	000068/2023	15-02-2023 13:19

Os concelleiros, concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**.

6.- ASUNTOS DE URXENCIA

Non se presentan asuntos de urxencia.

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

Preséntanse para o Pleno do mes de febreiro, dúas mocións urxentes por parte do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, e unha Declaración Institucional do concello de Ponte deume, sendo as seguintes:

1. Proposta de moción promovida pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para os Concellos.
2. Moción do BNG sobre o impulso de medidas encamiñadas a blindar, garantir e defender os dereitos das mulleres así como promover a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.
3. Declaración institucional do 8 de Marzo, Día Internacional polos dereitos das Mulleres

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. Luis Pena Mosquera, dando conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

1.- “Proposta de moción promovida pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para os Concellos

Exposición de motivos:

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como a gran poeta que a todas e todos representa, pois reclamou a redención da nosa terra e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa pa-labra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Ponte deume somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a **adopción dos seguintes:***

ACORDOS:

- 1. Celebrar o 23 de febreiro, Día de Rosalía, no noso concello.*
- 2. Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello*
- 3. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.*
- 4. Agasallar libros de autoras/es en lingua galega, comprados en librerías situadas no concello, ao alumnado daqueles centros de ensino que fagan actividades de celebración deste Día."*

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. José Simoes Couceiro**, concelleiro do PSdeG-PSOE, están de acordo coa moción, pensa que non sería necesario introducila por urxencia, pois desde hai anos están cumprindo cos catro puntos dos acordos, tendo en conta ademais que o Bloque Nacionalista Galego, sempre está votando en contra da urxencia das mocións presentadas polo grupo Socialista. O Alcalde-Presidente, resta importancia o tema das urxencias, tendo en conta que o fundamental e o contido da moción, pois o Regulamento, e o ROF permiten presentalas aínda no mesmo Pleno.

- **Toma a palabra D^a. Ángela Piñeiro**, concelleira do PSdeG-PSOE, comenta que os puntos da moción se están realizando nos últimos anos, o día de Rosalía fanse actividades complementarias, como a Estrela de Rosalía na Casa da Cultura. Referente o segundo punto, di que as actividades de promoción, moitas veces, non son só no día de Rosalía, ao longo do mes de marzo, tense feito o mes da poesía, así coma lecturas participativas nas que se inclúen outras obras de escritores galegos que recitan poesía. Finalmente indica, en relación o cuarto

punto, que o ano pasado impulsouse a impresión dun libro de poesía feito polos rapaces da Escola Unitaria, no que participaba Eva Veiga, facendo a presentación na Casa da Cultura.

- **Toma a palabra D^a. Alejandra Bellón**, concelleira do PSdeG-PSOE, indica que nos centros escolares públicos está incluído o día de Rosalía coma día de celebración.

- **Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez**, concelleiro do PP, están a favor da moción a pesar que hai puntos que xa se están a realizar, non están de acordo coas formas, o voto vai a ser a favor.

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A continuación sométese a votación a moción, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, os **ACORDOS** seguintes:

1. Celebrar o 23 de febreiro, Día de Rosalía, no noso concello.
2. Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello
3. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.
4. Agasallar libros de autoras/es en lingua galega, comprados en librarías situadas no concello, ao alumnado daqueles centros de ensino que fagan actividades de celebración deste Día.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. Luis Pena Mosquera, dando conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

2.- “Moción do BNG de PONTEDEUME sobre o impulso de medidas encamiñadas a blindar, garantir e defender os dereitos das mulleres así como promover a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

Exposición de motivos:

O 8 de marzo é, desde hai máis de cen anos, unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Máis aínda, nos últimos anos, a forza do feminismo galego conseguiu desenvolver mobilizacións absolutamente históricas nas que o noso país amosou o seu compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta.

Avanzamos grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións e grupos de mulleres que contribuíron a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon co seu esforzo e mesmo coas súas vidas a conquista de novos dereitos. Mais sabemos tamén que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer.

Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes.

Neste senso, malia os dereitos conquistados nas últimas décadas –grazas á loita feminista– é preciso seguir impulsado medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conquistar novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos.

A desigualdade entre mulleres e homes é problema estrutural que esixe unha resposta social forte. Por iso, é necesario neste 8 de marzo recoñecer os dereitos conquistados, recoñecer a fortaleza do feminismo galego e apoiar as súas mobilizacións publicamente. Así mesmo, esta situación esixe tamén medidas concretas e específicas, deseñadas con perspectiva de xénero.

Para o Concello de Ponte deume promover a igualdade entre homes e mulleres debe fomentar a mudanza de valores, rachando co modelo actual de socialización sexista, promovendo novas formas de ser mulleres e homes e avanzando nun modelo de relacións simétricas.

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a **adopción dos seguintes ACORDOS:***

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. A Corporación do Concello de Ponte deume mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.

2. A Corporación Municipal do Concello de Ponte deume insta á Xunta de Galiza a:

a) Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

b) Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.

c) Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero

d) Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.

e) Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social"

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez**, están de acordo coa moción, agradece a chamada do voceiro do grupo municipal do Partido Socialista para explicar a Declaración Institucional, e pide que para próximas ocasións estes temas tan sensibles, deberían tratarse nunha xunta de portavoces.

- **Toma a palabra o Alcalde-Presidente**, propón a inclusión do punto dous da moción na Declaración Institucional que se presenta, o voceiro do Bloque Nacionalista Galego non ten inconveniente, pero realmente pensa que a Declaración Institucional está ben coma está, debería ser menos partidista.

-**Toma a palabra D. Luis Ángel Díaz**, concelleiro do PP, comenta que o Instituto Galego das Mulleres e a Unidade de Saúde Integral das Mulleres son, organismos que xa están creados, indica que non ten sentido incluílos na Declaración Institucional, outra cousa e a forma de gobernar, non aceptan eses dous puntos, o resto si.

-**Toma a palabra o Alcalde-Presidente**, propón votar a moción tal como está, estando de acordo os grupos municipais.

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

A continuación sométese a votación a moción, quedando **ADOPTADOS** por **MAIORÍA de 9** votos a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE (8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 1 voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do BNG:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Luis Pena Mosquera; e 2 votos en contra do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; os **ACORDOS** seguintes:

1. A Corporación do Concello de Ponte deume mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.

2. A Corporación Municipal do Concello de Ponte deume insta á Xunta de Galiza a:

- a) Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.
- b) Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.
- c) Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero
- d) Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.
- e) Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social.

3.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

Preséntase Declaración Institucional que se transcribe a continuación:

Declaración institucional do 8 de Marzo, Día Internacional polos dereitos das Mulleres

O 8 de marzo foi proclamado o Día Internacional polos Dereitos das Mulleres pola Organización das Nacións Unidas no ano 1975. Desde ese momento é unha data de poñer en valor os avances que se conseguiron nos últimos cen anos mais tamén de reivindicación polo que queda por conseguir.

Ao longo da historia os nosos dereitos avanzaron grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións que contribuíron e contribúen a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon e defenden, co seu esforzo e mesmo coas súas vidas, a conquista de novos dereitos.

Cando acaba de cumprirse un ano do guerra de Ucraña, non podemos deixar de reclamar o cese inmediato da agresión por parte de Rusia, e denunciar a violencia sexual e de xénero que sofren as mulleres nos contextos de guerra, tanto nos territorios de conflito como para as mulleres refuxiadas e desprazadas.

Sabemos que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer. Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. É preciso seguir impulsado medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conquistar novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dende o Concello de Ponte deume manifestamos o noso firme compromiso coa protección dos dereitos das mulleres e das nenas, a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, así como coas políticas públicas que resolvan as desigualdades materiais, simbólicas e de valor as que se enfrontan as mulleres.

Nesta liña, dende o Concello seguirase apostando polas accións que se están a organizar dende hai anos, para loitar e concienciar sobre as discriminacións que sofren as mulleres polo simple feito de selo.

Desde o ámbito local debemos seguir co compromiso de construír unha sociedade igualitaria, que garanta os dereitos de todas as persoas, así como a participación activa na vida local. Estes compromisos deben reflectirse no deseño e a xestión dunhas políticas locais que sexan un motor de transformación.

Por todo isto, propoñemos

- 1.- O Concello de Ponte deume mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.
- 2.- O Concello de Ponte deume comprométese a intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas encamiñadas a fomentar a igualdade de xénero.
- 3.- Incorporar a perspectiva de xénero en toda a actividade da entidade local , así coma o desenvolvemento de políticas públicas de igualdade e de loita contra a violencia machista.
- 4.- Contribuír ao fortalecemento dos recursos existentes para a prevención e intervención nos casos de violencia machista.

Os concelleiros e concelleiras presentes **RATIFICAN** o contido da Declaración Institucional.

8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

Tendo en conta o compromiso de incorporar na acta da seguinte sesión as respostas ás preguntas da sesión do Pleno celebrada o día 26/01/2022, transcríbense a continuación as respostas ás preguntas presentadas para a sesión ordinaria do Pleno do mes de xaneiro.

As preguntas do grupo municipal do Partido Popular, e as respostas do goberno municipal, do Pleno do mes de xaneiro, son as seguintes:

MIRADOR DEL EMPEDRADO

1- ¿Por qué no se inaugura el mirador del empedrado si la obra está acabada?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 1: Neste momento, a empresa adxudicataria está á espera da recepción de material necesario para a humanización do espazo. Tan pronto como estes elementos sexan instalados, procederáse á apertura do mirador.

APARCAMIENTO.

2- Ya están instaladas las máquinas para controlar el tiempo de aparcar. ¿Cuándo empezaran a funcionar? ¿Tienen previsto reservar plazas para residentes? Y si es así ¿Cuándo y cómo podrán solicitar dichas plazas?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 2: Actualmente estase a estudar por parte da xefatura da Policía Local se resulta necesario modificar a ordenanza municipal de circulación para unha maior seguridade xurídica, posto que albergaban dúbidas a este respecto.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tal e como se trasladou publicamente, coa posta en marcha da zona azul, procederáse a establecer unha zona de estacionamento para residentes. Para que os veciños poidan realizar as solicitudes abrirase un prazo que será anunciado e publicitado no seu momento

PASO DE CEBRA.

3- Sabemos que no es competencia del Concello, pero ante las numerosas quejas de los vecinos de la avenida Doctor Villanueva, nos preguntamos ¿el Ayuntamiento no podría mediar con la administración correspondiente para que ese paso de cebra se cambie para que no sea tan peligroso?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 3: A creación dese paso de peóns foi incluída nas accións de mellora da D.P 4803 xunto co aglomerado da vía e a instalacións de bandas con refrextantes para a redución da velocidade dos vehículos. Xa naquel momento, dende os servizos técnicos da Deputación Provincial, indicouse que a única ubicación posible sería no lugar actual, para cumprir a lexislación vixente en materia de distancias. Hai uns metros mínimos aos que debe estar situado o paso con respecto ás curvas, segundo se nos indicou, polo que a única opción foi a executada.

TAXIS.

4.- Estamos observando que en la parada de taxis tanto de madrugada como a media tarde no hay taxis y muchos vecinos nos trasladan su preocupación ¿Cuántas licencias de taxis hay en Ponte deume? ¿Consta en algún reglamento que tiene que haber algún servicio de taxi en la noche o de urgencia?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 4: O número de licencias actuais é 15 e non consta a obrigatoriedade do servizo de taxi na noite ou de urxencia. En todo caso, tendo recibido tamén queixas dalgúns veciños a este respecto, temos convocada xa unha reunión coa asociación de Taxistas para tratar este tema.

CESIÓN DE USO.

5.- Como bien anuncian en redes sociales gracias a la cesión de uso por parte de los propietarios de una parcela cerca del cementerio se va utilizar para aparcamientos ¿No hay opción de compra de dicha parcela? ¿La cesión es por un tiempo ilimitado? Nos lo preguntamos porque se va arreglar con dinero público esa parcela y como indican ustedes tienen PROPIETARIOS.

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 5: Neste momentos existen dous convenios firmados respecto a dúas parcelas no entorno do cemiterio. Necesitaríamos concreción respecto a cal se refiren para completar a nosa resposta. En todo caso, optouse pola cesión temporal xa que era a solución máis rápida para poder facer uso das mesmas namentres se negocia e xestiona a súa compra. Entenderán vostedes que ese tipo de procesos son máis lentos, xa que necesitan dunha taxación oficial, informes urbanísticos, técnicos e de xustificación, entre outros, así coma da vontade dos propietarios para vender. Por outra banda, se o concello recibe a cesión gratuíta dun ben para ser utilizado, o lóxico na maioría dos casos é que non sexa o cedente quen asuma os custos da súa adaptación.

BIBLIOTECA

6.- ¿Cuándo se va a sacar la plaza de bibliotecario y quien la atiende a dia de hoy?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 6: Con motivo do reducido número de efectivos en relación á carga de traballo e aos servizos que se prestan á cidadanía desde o Concello de Ponte deume, é precisa a contratación dun funcionario interino pola xubilación do Bibliotecario - Arquivoiro, efectiva desde o 28 de decembro do 2022 e á espera de poder sacar a oferta de emprego do 2023, oferta que non é posible levar a cabo ata que trascurra un mes da aprobación dos orzamentos municipais.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Para iso, están xa elaboradas as bases para a contratación do devandito funcionario, estando pendentes do informe do departamento de persoal. Unha vez aprobadas as bases realizaranse os correspondentes procesos selectivos para a cobertura de dita praza, proceso no que está traballando este concello desde o momento da comunicación da data de xubilación do bibliotecario.

Como é ben coñecido a Biblioteca Municipal exerce desde fai moitos anos como elemento dinamizador e motor cultural fundamental, polo que procedeuse como solución única neste momento e temporal namentres non se finalice o proceso de contratación do funcionario interino, á contratación de persoal a través dunha empresa externa que cubra a quenda de tarde e seguir proporcionando ese servizo á cidadanía.

OBRA SANEAMIENTO DE VER Y CENTROÑA

7.- ¿En qué situación se encuentran las autorizaciones y la puesta a disposición de los terrenos para la ejecución de la obra?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 7: O Concello puxo os terreos a disposición de Aguas de Galicia no mes de novembro do ano pasado. Segundo se nos trasladou dende o citado organismo, a día de hoxe faltan dúas autorizacións sectoriais, pero que en todo caso, a ausencia destas non afecta ao inicio das obras, que se prevé den comezo ao longo do mes que ven.

OBRA RUA VALERIANO VILLANUEVA

8.- ¿A que se debe los 3 firmes distintos que lleva esta calle y que firme va a llevar el aparcamiento que se esta a construir al lado del cementerio?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 8: A rúa estase executando co mesmo firme en toda a obra, en formigón. Con dous acabados diferentes, un en formigón desactivado na rúa Valeriano Villanueva, posto que se integra mellor na zona, dada a existencia do muro de pedra do cemiterio, e outro en formigón fratasado na confluencia coa rúa Rúa de Ares, similar ao existente no resto da rúa.

As preguntas do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, e as respostas do goberno municipal, do Pleno do mes de xaneiro son as seguintes:

Pregunta 1.- TAXIS. Os concellos poden establecer nas súas ordenanzas regras de organización e coordinación do servizo de taxi en materia de horarios, sempre suxeitas á lexislación laboral e da seguridade social que resulte de aplicación. É de coñecemento público a desatención nalgunhas franxas horarias en Ponte deume. É coñecedora a Alcaldía desta problemática ? Cre a Alcaldía que, previa consulta co sector do taxi de Ponte deume, é necesario unha regulación por medio dunha ordenanza que garanta a continuidade da prestación do servizo ? Cal é o número de licencias actual do concello de Ponte deume ? Cal é o número máximo de licencias no noso concello?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 1. A Alcaldía é coñecedora desta problemática a través das queixas que fixeron chegar varios veciños e veciñas. Por este motivo, convocouse á Asociación de Taxistas a unha reunión a vindeira semana, na que se tratará este asunto e as posibles solucións ao mesmo.

Actualmente, hai 15 licencias de taxi no Concello de Ponte deume.

Como regra xeral, o número máximo de licenzas de taxi por cada municipio determinarase do seguinte xeito:

a) Concellos cunha poboación igual ou inferior a 20.000 habitantes: 1 licenza de taxi por cada 1.100 habitantes, cun mínimo de 2 licenzas de taxi por concello.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

b) Concellos cunha poboación superior a 20.000 e inferior ou igual a 150.000 habitantes: 1 licenza de taxi por cada 1.000 habitantes.

c) Concellos cunha poboación superior a 150.000 habitantes: 1 licenza de taxi por cada 900 habitantes..

Para os efectos da aplicación das determinacións establecidas no punto anterior, a fixación do número máximo de habitantes efectuarase atendendo ás cifras oficiais de poboación resultantes da última revisión do padrón municipal establecidas polo Instituto Nacional de Estatística.

Así mesmo, o Artigo 7. que fala do "Continxentamento específico do número máximo de licenzas de taxi" establece que os concellos ou, de ser o caso, a entidade competente nunha área territorial de prestación conxunta poderán establecer, de conformidade co disposto nesta lei, un continxentamento específico para o seu ámbito territorial, diferente do previsto no artigo anterior, mediante a tramitación dun procedemento que se iniciará pola realización dun estudo previo de mobilidade en que se analicen aspectos relacionados coas condicións de mobilidade do correspondente ámbito territorial, a calidade da prestación do servizo existente e aspectos socioeconómicos.

Regulamentariamente a consellaría competente en materia de transportes desenvolverá o dito procedemento e determinará o contido mínimo do estudo previo de mobilidade, no cal se deberán ter en conta, polo menos, os seguintes criterios:

a) O nivel de demanda e oferta de servizos de taxi no correspondente ámbito territorial.

b) O nivel de cobertura, mediante os diferentes servizos de transporte público, das necesidades de mobilidade da poboación

c) A existencia de infraestruturas de servizo público do correspondente ámbito territorial, como poden ser as vinculadas á sanidade, ao ensino, aos servizos sociais e a espazos en que se desenvolvan actividades deportivas e de ocio, e tamén a alternativa doutros sistemas de transporte de interese xeral ou outros factores que teñan incidencia na demanda de servizos de taxi; polo que entendemos que estes foron os criterios adoptados polo Goberno Local que no seu momento, hai máis dunha década, decidiu incrementar o número de prazas con respecto á poboación existente.

Pregunta 2.- ESCOLA INFANTIL. Segundo temos coñecemento na última semana estase pasando a cobro dalgunhas familias usuarias a cota da Escola Infantil "Chale Rosa". Este servizo por primeiro ano é un servizo gratuíto e está regulado na Orde do 22 de xullo de 2022 (DOG núm. 147 do 3 de agosto de 2022). Orde na cal se indica que para a súa total bonificación a asistencia debe ser regular, marcando uns mínimos e máximos globais, de 3 horas e 8 horas respectivamente, deixando nas mans de cada escola a planificación das xornadas. Na escola municipal existen catro tipo de xornadas, cos seus respectivos mínimos de asistencia, os cales foron entregados unha vez comezado o curso. Estas xornadas son pouco flexibles e non axudan na conciliación familiar se se quere manter a gratuidade. Cales son as medidas concretas que ten pensado tomar o goberno municipal para corrixir esta situación durante este curso e evitar que moitas familias acaben pagando por un servizo que deba ser gratuíto? Se tanto na orde da Xunta, como no regulamento da escola municipal, recóllese que o mínimo global son 3 horas, porque non se aplica isto de xeito xeral? Está prevista algunha partida económica para garantir a gratuidade da escola infantil para aquelas familias que asisten de forma regular e cumpran co mínimo global, se se dera o caso que Xunta non se fixera cargo debido á existencia das diferenzas na interpretación dos horarios mínimos de asistencia?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 2. Partimos de que a nosa escola infantil non só é un recurso de conciliación senón, sobre todo, un recurso educativo VOLUNTARIO, xa que se enmarca no que é a escolarización non obrigatoria (0-6 anos).

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Os máximo de 8 horas e o mínimo de 3 horas é algo xeral marcado pola Xunta para o establecemento das distintas quendas que poden ofertarse en todas as escolas infantís, pero tamén recalca que cada concello pode adaptar eses límites en función das xornadas que oferta.
- Pensamos que a oferta de catro tipos de xornadas (as que ten o Chalé Rosa) si favorece a conciliación, se temos en conta que a Xunta, nas súas escolas, só oferta dúas xornadas: completa, de 8 horas e media xornada, de 4 horas.
- Nun principio o Concello de Ponte deume marcou uns mínimos en función das xornadas que temos e así se notificou ás familias. Algunhas non estiveron conformes e presentaron as súas queixas directamente na consellería, Á vista disto, houbo que consultar coa Xunta para que aclarara o tema das 8 horas máximo e 3 mínimo. A súa resposta foi rotunda: tomando como base estas indicacións xerais, cada escola pode adaptalas ás xornadas que oferta. Pero se unha familia opta por unha xornada DEBE CUMPLILA NA SÚA TOTALIDADE, SEN QUE SE LLE MARQUEN UNS MÍNIMOS.
- Entendemos que as diferentes interpretacións dos pais/nais, e incluso do propio Concello, quedan zanzadas coa resposta da Xunta.(anexamos documento)
- Se queremos, como concello, poder beneficiarnos da subvención da gratuidade, temos a obriga de cumprir as normas da Xunta, nós e as familias. Senón aceptamos esas condicións, pois non seremos beneficiarios/as, nin nós nin elas.
- A Xunta contempla a gratuidade como un servizo voluntario, polo que se alguén non está non acepta e incumpre as condicións, perde a bonificación,
- Outro tema é o aproveitamento das xornadas que a escola oferta: por exemplo, se unha persoa solicita unha xornada completa, de 8 horas, non é de recibo que vaia 3 porque está desperdiciando horas que poderían ofrecerse a outra persoa.

Pregunta 3.- PEPRI. O plan de especial protección do casco histórico e o conto de nunca acabar. Este é un resumo das contestacións por escrito do seu goberno dende o 2018:

Novembro do 2018:

o proxecto contratouse a unha UTE no ano 2010 e superou o trámite do impacto ambiental. "" nuns días estaría a disposición para a súa aprobación inicial ""

Marzo do 2020:

"" Os traballos que se están a realizar actualmente para a redacción do PEPRI xa foron pagados polo goberno anterior. Meses atrás o documento foi remitido para informe sectorial.. ""

Marzo do 2021:

"" Actualmente o documento estase a modificar para adaptalo a algúns dos requirimentos establecidos por esas administracións polo que a súa tramitación segue o seu curso normal.""

Marzo do 2022:

"" Na actualidade o documento está a ser adaptado por parte do equipo redactor ás modificacións legislativas que entraron en vigor recentemente ""

Novembro do 2022:

Pregunta sobre Area de Rehabilitación Integral: "" Con cargo ao orzamento do 2023 se procederá á licitación da redacción dese proxecto ""

Que informes sectoriais xa foron remitidos ? Que informes faltan por remitir ?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 3. Actualmente falta o informe de AENA, Costas e Fomento. Temos o de impacto medioambiental, pero debido a un novo cambio da lexislación nesta materia hai uns meses, faise necesario adaptar de novo o documento a ese respecto.

Pregunta 4.- PÁDEL. A pista de pádel é unha instalación que necesita melloras e mantemento, con importantes queixas por parte d@s usuari@s por estar continuamente encharcada o que imposibilita o desenvolvemento normal do xogo. ¿Hai algunha partida habilitada para reparar estas deficiencias ? Cal é data prevista para reparar estas deficiencias ?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 4. O mantemento da pista de pádel realízase de maneira semestral. Unha frecuencia aconsellada por parte dunha empresa especializada en ditos traballos, xa que estamos a falar dunha instalación de recente creación e non ten unha necesidade maior neste aspecto. De feito, no día de onte, mércores 25 de xaneiro, realizouse dito mantemento.

En canto as deficiencias que vostedes comentan (non tratándose as labores de mantemento dunha delas), máis concretamente o suposto "encharcamento", dicir que segundo nos trasladan usuarios que fan uso da pista, nos días de forte choiva humedécense dúas esquinas da mesma, facendo estas zonas afectadas un pouco escorregadizas. Para dar solución a este problema estamos a estudar a posibilidade de pechar totalmente a pista, que actualmente e como a maioría das que se atopan na nosa zona, está pechada perimétricamente cunha lona perforada.

Pregunta 5.- ZONA AZUL-PARQUÍMETROS. Cal é o número total de prazas habilitadas para a zona azul ? Cal é o máximo número de tarxetas para residentes que se concederán ? Unha vez transcorrido o tempo máximo de estacionamento quen sancionará aos vehículos que incumpran ? Que sancións recibirán os vehículos sen o ticket ou fora do límite de tempo ?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 5. O número total inicial de prazas en zona azul estará en torno ás 50. Os encargados de impoñer as sancións aos infractores serán os axentes da Policía Local. O incumprimento dos requisitos establecidos para a zona azul está tipificado como unha falta leve, polo que a sanción establecida é de 80 euros. Sobre as prazas de residentes, estase a xestionar dende a xefatura da Policía Local a súa regulación, polo que o número de tarxetas definirase unha vez estén os informes rematados.

O Grupo Municipal do Partido Popular na corporación municipal, non presenta para o Pleno de febreiro, ningún **ROGO**

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na corporación municipal, non presenta para o Pleno de febreiro, ningún **ROGO**.

O Grupo Municipal do Partido Popular na corporación municipal, presenta para o Pleno do mes de febreiro, as seguintes preguntas, transcribíndose a continuación as respostas achegadas por escrito polo goberno local

Pregunta 1. ANTIGUO HOSPITAL.

Una vez anunciado el logro del Concello de conseguir una subvención de 375.360 euros para su rehabilitación. ¿Qué fechas se barajan para licitar el proyecto y cuándo comenzará la obra? Es suficiente esa subvención o el concello tiene que poner **fondos? Y si es así,¿Cuánto se aportaría?**

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 1. O proceso de licitación da rehabilitación do antigo hospital xa se iniciou por parte da Deputación da Coruña ao ser esta entidade na que se delegou para presentar o Plan de Sostenibilidade Turística realizado polos Concellos da Comarca do Eume. Segundo nos informan a apertura de prazo para a presentación de ofertas é inmediato e podemos adiantar que o prazo de execución está estimado en oito meses.

O inicio das obras dependerá da adxudicación das obras e da formalización do contrato.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O custe que asumirá o Concello de Ponte deume será o correspondente á dirección de obra que será realizado por parte de empregados municipais polo que o Concello non terá que aportar fondos.

Pregunta 2. RÚA FENE

Las plazas de aparcamiento que estaban destinadas para Bica e arrinca en rúa Fene, actualmente se quito dicha señal y esta pintadas de amarillo ocupando dichas plazas las furgonetas de correos por lo que nos preguntamos .

Estas plazas van ser destinadas para uso exclusivo de correos?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 2. Por parte da Oficina de Correos presentouse un escrito no Concello solicitando un espazo reservado para as súas furgonetas e amparando a súa petición na actual lexislación que contempla entre outros, a reserva dese tipo de espazos. Compre lembrar que esas furgonetas xa se estacionaban na rúa polo que non estarían ocupando dúas novas prazas senón que simplemente establécese un lugar concreto onde estacionalas

Pregunta 3. AYUDAS DE. DICIEMBRE PARA FAMILIAS VULNERABLES

En diciembre se aprobó una partida de dinero para familias vulnerables.

La partida se gastó íntegramente?

¿A cuántas familias llegaron dichas ayudas?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 3. As familias beneficiarias polo programa Programa de Bonos dirixido a persoas en situación ou risco de exclusión social do Concello de Ponte deume é de 40 familias, ascendendo o total de beneficiarios a 96 persoas receptoras cada unha delas dun bono de 65€.

A cantidade designada a este programa era de 6.500€, e unha vez aprobadas as contas xustificativas presentadas polos establecementos adheridos a esta iniciativa, a cantidade total consumida correspondentes ás compras realizadas polos beneficiarias e beneficiarios e ingresada xa aos establecementos foi de 6.235,49 €.

Pregunta 4. SOLAR DEL EMPEDRADO

¿Hay una fecha estimada para la terminación de este aparcamiento?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 4. Unha vez que se liciten, adxudiquen e se inicien as obras poderemos dar ese dato

Pregunta 5. BOLARDOS

En el mes de mayo del 2022 nos responden por escrito que se modificaron algunas frecuencias y se dieron nuevos mandos a quien lo preciso por ese cambio de frecuencia.

¿Se tiene un registro de a quién y cuántos mandos hay repartidos en total?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 5. Desde a nosa chegada ao Goberno, cada petición e entrega de mando quedou rexistrada, co compromiso dos receptores da súa devolución no momento no que non fose preciso o mencionado dispositivo. Desde ese momento foron entregados nove mandos, dos cales dous xa foron devoltos.

Pregunta 6. ALBERGUE DE PEREGRINOS

¿Quién lleva la gestión del albergue y cuánto le cuesta al concello?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 6. Desde o ano 2017 no que o servizo de atención turística no Torreón dos Andrade préstase de maneira diaria, a recepción, xestión de acceso e entrega de chaves realízase desde a propia Oficina de Turismo. Tendo en conta que se xestiona desde a Oficina de Turismo esta xestión non supón ningún custo engadido para o Concello.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na corporación municipal, presenta para o Pleno do mes de febreiro, as seguintes preguntas, transcribíndose a continuación as respostas achegadas por escrito polo goberno local

Pregunta 1. INFORMACIÓN SOBRE FACTURAS

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2022/G003/000981	ADQUISICIÓN TERREOS PARA APARCADOIRO EMPEDRADO 21	000894/2022	29-12-2022 23:24
2022/G003/000983	ADQUISICIÓN TERREOS PARA APARCADOIRO EMPEDRADO 21	000895/2022	30-12-2022 09:55
2022/G003/000986	ADQUISICIÓN TERREOS PARA APARCADOIRO EMPEDRADO 21	000896/2022	30-12-2022 10:34

Das seguintes 3 facturas asinadas en días consecutivos, o 29 e 30 de decembro poderían detallarnos para cada unha delas:

- referencia catastral do terreo,
- superficie do terreo,
- importe da factura,
- a que persoa/empresa lle foi abonada.

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 1. Non se firman tres facturas, senón tres decretos correspondentes a fases diferentes do procedemento.

- Referencia catastral: 7463142NJ6076S0000YQ
- 1008 metros cadrados
- 142.780,00 euros (IVE incluído). Este importe é inferior ao establecido na tasación oficial encargada polo Concello e refrendada polos técnicos municipais, tal como establece a lexislación vixente para este tipo de adquisición por parte das administracións públicas. A empresa propietaria do solar era Mantuano Galicia, S.L, entidade ao que se lle realizou o abono do importe indicado.

Pregunta 2. PREGUNTAS SEN RESPOSTA. As preguntas do pleno anterior, fai máis dun mes están sen responder.

A que departamento do concello lle corresponde esta función ? Ou é unha obriga do equipo de goberno ? Cal é a razón de non responder, un desprezo absoluto pola mínimas obrigas democráticas do goberno ?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 2. O ROM, artigo 61, establece que as preguntadas realizadas nos plenos poderán contestarse na seguinte sesión. Neste caso concreto explicouse que a resposta a unha das preguntas necesitaba da información que tiña que ser aportada polo aparelador municipal, que como ben saben, está de baixa. De ahí o retraso na obtención

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

deses datos e da entrega das respostas. En todo caso, cumpre cos prazos legalmente establecidos.

Engadir, que calquer concelleira ou concelleiro, sexa do goberno ou a oposición, debe ter un mínimo coñecemento do Regulamento que regula o funcionamento da administración á que pertence, máximo cando se trata, como neste caso do Regulamento Orgánico Municipal, que foi aprobado, entre outros, cos votos do seu grupo.

Pregunta 3. POS ADICIONAL 2023 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS. De entre todas as opcións que tiñan á súa disposicións para empregar eficazmente “outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables” gustaríanos saber en que se empregaron os 5.006,60 euros.

¿Cal é o concepto detallado de este gasto ? Cal é a empresa ao que se lle encargou este servizo/obra ?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 3. En primeiro lugar, compre recordar, que acábase de aprobar, concretamente no mes de xaneiro, a solicitude á Deputación da Coruña destes fondos a través do POS-adicional, polo que agora compre co ente provincial aprobe o Plan coas peticións dos Concellos, para que posteriormente poida facerse uso deses fondos.

A intención do Goberno, en base ás recomendacións do persoal de Servizos Sociais, e adicar parte deses fondos á aplicación CIBERSAD, coa que se xestionaría de maneira integral o servizo da Axuda ao Fogar, mellorando considerablemente a actual tramitación.

Pregunta 4. CANTINA DO PASEO. No expediente constan dous proxectos:

- 10/12/2019 RE núm. 2019999000000653 “Cantina, almacén y baños en el paseo fluvial de Ponte deume” asinado polo arquitecto Oscar Sánchez Martínez
- “proxecto modificado de obras para “Cantina no Paseo Fluvial de Ponte deume”, (POS+2020) redactado polo arquitecto Óscar Sánchez Martínez, asinado dixitalmente en data 28.04.2020

Cal é o importe que se abonou por cada un dos proxectos ? Cal foi o procedemento administrativo para a elección do redactor do proxecto ?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 4. Unha única factura por importe de 4.770 euros licitados polo procedemento de contrato menor, xa que cando se encargan proxectos que teñen que ser modificados como consecuencia dos diferentes informes sectoriais, que sexan vinculantes en cada caso, os equipos redactores non cobran por estas modificacións.

Pregunta 5. PRECARIIDADE DE CERTAS ÁREAS DO CONCELLO. Transcribimos literalmente o texto recollido nun dos últimos informes emitidos dende a intervención que relata unha situación de “ *absoluta precariedade, sen un tempo mínimo que permita unha fiscalización con garantía dos expedientes acumulados e xerados a diario, advertindo da posibilidade de que esta situación xere erros ou imposibilidade de tramitación de expedientes con prazos de remate definidos, coas consecuencias económicas ou doutro tipo para o Concello de Ponte deume, sendo URXENTE a adopción das medidas necesarias para a regularización da situación*”. Na nosa opinión esta é unha chamada de auxilio dos empregados públicos para que o goberno do concello tome medidas. Dende cando o goberno do concello é coñecedor desta situación ? Que medidas tomou ? Que resolveron esas medidas ??

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 5. Este goberno, é consciente da precariedade da área de intervención e do resto de áreas do concello, a falta de persoal como se leva explicando en plenos, e en respostas anteriores aos dous grupos da oposición, débese en parte á taxa de reposición marcada polas Leis xerais dos orzamentos do estado, onde se impón unha norma para a posibilidade de convocar novas prazas.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ata a data de hoxe convocáronse as prazas de Técnico de Administración xeral, técnico de xestión, encargado de obras e servizos, 4 prazas de policía local, dous de administrativo.

Todas elas cumprindo coa normativa actual, e esperando a negociar a oferta de emprego público do 2023, onde se convocará a de bibliotecario-arquiveiro, e técnico de intervención.

Nestes momentos está en proceso a oferta de emprego de estabilización segundo a Lei 20/2012 do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público para estabilizar 36 prazas de persoal laboral, e funcionarios interinos, todo iso negociado en mesas xerais de negociación.

Convocamos bases para bolsas de traballo de auxiliar administrativo e administrativos para poder cubrir algún posto por acumulación de tarefas nove (9) meses máximo permitido por lei, xa que a lei límitanos coa contratación de interinos pola temporalidade.

No departamento de intervención a situación agravase coa xubilación de persoal laboral temporal, onde non crea taxa de reposición sen poder antes proceder á estabilización, a maiores a persoa que ocupaba no seu momento a praza de administrativo cesou por nomeamento noutro Concello, creándonos unha situación difícil de resolver en curto prazo. De momento aumentamos en varios días da semana unha administrativa para poder recuperar a actividade diaria. Doutra banda modificouse a relación de postos de traballo (RPT), incluíndo unha nova praza de técnico de intervención acordado coa xefa do servizo, para poder axilizar expedientes, así como outros trámites.

Pregunta 6. PLAN DE IGUALDADE. Cal é a situación administrativa do III PLAN ESTRATÉXICO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES (2022 - 2027) ? Cando será sometido ao pleno do concello de Ponte deume ?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 6. O expediente para a aprobación en pleno, unha vez presentado o documento para debate ao equipo de goberno e oposición, está aberto desde o mes de decembro pero é razoable que se precise de certo tempo para cubrir os procedementos e realizar a tramitación necesaria para este tipo de expedientes.

Pregunta 7. PARQUÍMETROS. Cal foi o coste de instalacións dos parquímetros e das obras accesorias a eles ? Cal é a razóns de que aínda non entraran en funcionamento?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 7. O importe total do suministro e instalación dos dous Parquímetros foi de 16.877,99 euros, un moi bo prezo que está por debaixo do prezo do mercado actual, grazas ás xestións realizadas desde o departamento de Obras e Servizos con diferentes empresas do sector.

Se está á espera do informe da Xefatura da Policía Local xa que albergaban dúbida sobre se era necesario modificar a ordenanza xeral de tráfico ou non para poñer este servizo en funcionamento. Nos vindeiros días sairemos de dúbidas.

Pregunta 8. PEPRI. No ano 2010 o Concello de Ponte deume licitaba por algo máis de 200.000€ a redacción do Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Casco Histórico. O Plan Especial, recollido no Plan Xeral aprobado definitivamente, confírese como documento base que establece as determinacións para a protección e desenvolvemento do casco histórico de Ponte deume. Podería informarnos do punto no que se atopa a súa tramitación? Cando prevé que poida ser levado a Pleno para a súa Aprobación Inicial para iniciar o trámite de información pública? Nesa mesma liña de protección e rehabilitación, existe algunha previsión por parte da administración local de impulsar a delimitación dalgunha Área de Rehabilitación Integral (ARI), que facilite o acceso a axudas para a rehabilitación de vivendas ou reurbanización do espazo público?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 8. A resposta a esta pregunta téñena vostedes nas respostas do mes de xaneiro que lles acaban de ser entregadas. A intención do goberno é poñer en marcha o ARI, unha vez sexa aprobado o PEPRI.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Pregunta 9. PASO POLA GASOLINEIRA. O paso pola gasoleira é un dos puntos máis perigosos nos desprazamentos a pé da veciñanza de Ponte deume. Por este espazo transitan a diario centos de persoas para desenvolver as súas actividades habituais. A día de hoxe as liñas pintadas sobre o pavimento, polas que deben circular os peóns, atópanse practicamente borradas polo desgaste. Aproveitando os "pintados de cara" que tanto lles gustan de cara ás próximas eleccións municipais teñen previsto mellorar as sinalizacións horizontais e verticais para facer un tránsito máis seguro? Saben como se atopa a concesión de Portos deste espazo ? Realizarán a medio prazo algunha actuación nel?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 9. En primeiro lugar, por se non se decataron, compre que saiban que todos os anos se realiza un repintado de distintas zonas do municipio. A última vez foi, como ven sendo habitual en varias tandas repartidas entre a primavera e verán. Dito o cal, compre lembrar que estamos a falar dunha zona de tránsito ao carón dunha estrada de titularidade do Ministerio de Fomento e non do Concello, polo que calquera tipo de sinalización ten que estar autorizada por ese organismo.

Actualmente non temos constancia de que exista concesión algunha de Portos para o paso de peóns da gasoleira. Sobre a actuación a medio prazo, tal como se ven realizando habitualmente, a intención é realizar o pintado entre a primavera e o verán.

Así mesmo, informámoslles, que deuselle traslado ao Ministerio de Fomento da necesidade de instalación del algún tipo de elemento luminoso para delimitar mellor ese paso.

Pregunta 10. CONTROL DAS XORNADAS DE TRABALLO. En que data se instalou o sistema electrónico para o control da xornadas dos traballadores no concello de Ponte deume ? Cal foi o seu coste ? Funcionou nalgún momento ? Por que non funciona a día de hoxe? Cre o goberno que é necesario ou e irrelevante ?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 10. O Concello de Ponte deume, coma outros 47 concellos da provincia da Coruña adheriuse ao convenio do Control horario coa Deputación de Coruña en outubro do 2021.

Para a súa posta en marcha foi necesario varios cursos de persoal do departamento de xestión de RR.HH. Consta dun sistema programado no móbil e ordenador do persoal laboral e funcionario, sen custo para as arcas municipais, o seu funcionamento en probas durante varios meses non foi nada satisfactorio debido aos constantes fallos do sistema, actualmente segue con multitude de problemas, por iso estamos a buscar alternativas propias de posta en marcha dun novo sistema por pegada, tarxeta ou código identificativo, necesitando un regulamento de funcionamento deste control.

O goberno e a representación sindical coinciden na necesidade de contar cun control das xornadas de traballo, e logo da aprobación do Convenio Colectivo estase a negociar un regulamento do control horario.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos do expresado día.

Apróbese a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de data 30/03/2023, segundo o borrador asinado o día 27/03/2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.